

FESTAS COLEXIAIS 2019

Ourense, 26 de abril de 2019

Estimadas familias:

Os vindeiros días 2 e 3 de maio celebraremos as nosas festas colexiais.

É unha actividade moi significativa para todos, especialmente para o noso alumnado que, curso tras curso, espera ilusionado esta celebración. Nestas xornadas queremos, sobre todo, fomentar dun xeito especial a vivencia de valores irrenunciábeis no noso proxecto educativo: o compañeirismo, a amizade, a colaboración e o traballo en equipo, o afán de superación, o deporte, a creatividade, a alegría compartida e o espírito de familia. Valores que, certamente se traballan a diario nas aulas, pero que se fortalecen nestes días de maneira máis espontánea e lúdica.

Son días de familia, de consolidar os nosos lazos de identidade marista entre toda a comunidade educativa e de sentir o colexio como o noso fogar. Sen dúbida suporá algúns cambios nas nosas rutinas habituais, polo que lles pido un esforzo de comprensión e de colaboración. Os titores e profesores esfórzanse para preparar todo con moita ilusión, esperando que sexan unhas xornadas inesquecibles.

Na páxina web www.maristasourense.com, poderán consultar o programa detallado de actividades que tamén se achega como arquivo adxunto nesta comunicación.

Algunhas cuestións de organización que deberemos ter en conta:

1. O xoves ás 13:00 horas, para a saída de Primaria, abrírase unicamente a porta pequena da rúa Ramón Cabanillas, non se abrirá o portón.
2. O venres suspenderanse as actividades deportivas extraescolares que se realizan no pavillón. O resto das actividades manteranse no horario e lugares habituais.
3. A verbena do venres pola noite é para ESO e Bacharelato. Non somos partidarios de que o alumnado de Primaria participe nesta actividade, xa lle chegará o seu tempo.

Desexando que todos poidamos desfrutar destas xornadas, invítovos a participar nas Festas Colexiais-Maristas 2019.

Un agarimoso saúdo

D. Fernando Ampudia Alonso. Director